

XORNADAS  
DE MUSICA  
CONTEMPO-  
RANEA  
2019



SANTIAGO DE  
COMPOSTELA





# Calendario

7 xuño

**Escola de Altos Estudos Musicais**

**19:30 h 'Meet the Masters'. Coloquio**

Referencias cruzadas. Compositoras españolas e estadounidenses

María Álvarez Armesto

Anna Bofill Levi

Cruz López de Rego

Margaret Lucia

Mercedes Zavala Gironés



Cofinanciado por el  
programa Europa Creativa  
de la Unión Europea

**20:30 h Concerto**

**Margaret Lucia, piano**

Compositoras españolas e estadounidenses:  
homenaxeando ao pasado, abrazando o  
presente, explorando o futuro

11 xuño

**Sala Capitol**

**19:30 h Coloquio**

Pedro González, compositor

Simon Steen-Andersen, compositor

Sara Méndez, saxofonista

**20:30 h Concerto**

**Container #Galicia**

O xesto como sonoridade

**13 xuño, 20:30 h**  
**Auditorio de Galicia**

Real Filharmonía de Galicia  
Paul Daniel, Director

**14 xuño, 20:30 h**  
**Paraninfo da USC**

Iago Hermo

Piano, guzheng e música electrónica  
...Sferas

**17 xuño, 20:30 h**  
**Auditorio de Galicia**

Mª Victoria Jericó Francés, violín  
Javier López Jorge, piano  
Luis López Jorge, violín  
Manuel López Jorge, piano  
Millán Abeledo Malheiro, cello  
Elisa Martín Bragado, piano

Narrativas imaxinarias

**18 xuño**

Fukio Saxophonquartett

Joaquín Sáez Belmonte  
José Manuel Bañuls Marcos  
Xabier Casal Ares  
Xavier Larsson Paez

16:30 h. – Conservatorio Profesional  
de Música de Santiago de  
Compostela. Clase maxistral  
20:30 h – CGAC. Concerto

**20 xuño, 20:00 h**  
**Praza da Quintana**

Banda Municipal de Música  
de Santiago  
Banda Municipal de Música  
de A Coruña  
Casiano Mouríño e Juan José Ocón,  
directores

**24 xuño, 20:30 h**  
**Paraninfo da Universidade**

Dubitatatio  
Antonio Viñuales, violín  
Rosalía Gómez Lasheras, piano

**25 xuño, 20:30 h**  
**Auditorio de Galicia**

Vertixe Sonora  
Aglaya González, viola  
Presentación: José Luis Losa  
Narradora: María Lado

**27 xuño, 20:30 h**  
**Teatro Principal**

Taller Atlántico Contemporáneo  
Diego García Rodríguez, director

**Acceso de balde ata completar  
aforo en todas as actividades**



## Margaret Lucia

Margaret Lucia interpreta un repertorio amplio no teclado que vai dos tradicionais -concertos de Mozart e Beethoven e os traballos románticos de Chopin e Schumann- ás pezas altamente xestuais, tonais e atonais de compositores contemporáneos. Como defensora apaixonada da música nova, ten estreado varias pezas, actuando en festivais e concertos ao longo de Estados Unidos así como en Xapón e Europa. Como becaria Fulbright Senior en 2016-17, colaborou con compositores en España e interpretou as súas obras en varios concertos en Madrid, Salamanca e Palma de Mallorca. En novembro de 2011, participou no Festival Internacional de Música Contemporánea en La Habana; a súa gravación de música de compositoras cubanas dos séculos XIX e XX será publicada en breve. En 2009 formou o Vox Terra Ensemble, que interpreta novas obras de música de cámara para honrar o Día da Terra, así como concertos adicionais durante todo o ano. En xuño de 2003, actuou no Weill Hall de Carnegie Hall na cidade de Nova York co tenor Dr. Jon Robert Cart nun recital conxunto con música vocal e para piano de España e América Latina; actuaron alí novamente en maio de 2005, con obras de compositores mexicanos do século XX. Como membro do Dúo Lucia, realizou un concerto coas sonatas para violín e piano de Joaquín Turina co seu esposo, o violinista Anthony Lucia en España en 2005. Tamén interpretou obras da compositora estadounidense Anna Rubin e a grega Sofia Kamiyanna en Flagstaff, Arizona, en setembro de 2011. En 2002, participou no Museo Nacional das Mulleres nas Artes en Washington, DC para a Alianza Internacional de Mulleres na Música. Interpretou música de mulleres xaponesas contemporáneas na Universität de Zúrich en 2007, e música de mulleres cubanas para a Conferencia da American Musicological Society en Quebec, nese mesmo ano. Ademais, a Dra. Lucia participou en conferencias e recitais de música para piano de compositoras en Nova York, Cleveland, Minneapolis, Portland, Salt Lake City e San Antonio, así como noutras cidades dos Estados Unidos. Mientras remataba o seu



doutoramento na Universidade de California en San Diego, colaborou como pianista nos seminarios de música de cámara conducidos polo violinista Rafael Druian, foi teclista da Sinfónica de San Diego e invitada especial do conxunto pertencente ao San Diego Museum of Art Chamber e de SONOR, un ensemble de música contemporánea. Os seus profesores inclúen ao falecido Aube Tzerko na Universidade de California, Los Ángeles e no festival musical de Aspen e a Marion Hall, Gyorgy Sebok, Gunther Ludwig e Zhanna Arshanskaya Dawson na Universidade de Indiana, Bloomington, onde recibiu a súa licenciatura e o seu mestrado en piano. Actualmente, a Dra. Lucia é catedrática titular no departamento de música e artes escénicas da Universidade de Shippensburg, Pensilvania. Tamén, traballou como profesora nas Universidades de Redlands e California, San Diego, e no Grinnell College en Iowa.

## 7 xuño – Escola de Altos Estudos Musicais

### 19:30 h. 'Meet the Masters'. Coloquio

Referencias cruzadas.  
Compositoras españolas e estadounidenses

**Maria Álvarez Armesto**  
**Anna Bofill Levi**  
**Cruz López de Rego**  
**Margaret Lucia**  
**Mercedes Zavala Gironés**



Cofinanciado por el  
programa Europa Creativa  
de la Unión Europea

### 20:30 h. Concerto

# Margaret Lucia, piano

Compositoras españolas  
e estadounidenses:  
homenaxeando ao pasado,  
abrazando o presente,  
explorando o futuro

Marga Richter (Nova York, 1926)  
*Prelude for Piano (in memoriam)* (1993)

Rosa García Ascot (Madrid, 1902-2002)  
*Tempo di mazurca*  
*Escena – La noça i la mendicant*  
*Tempo di Marcia*

Alicia Díaz de la Fuente (Madrid, 1967)

*Homenaje* (2007)

Tres piezas cortas

Marga Richter (Nueva York, 1926)

*Air #1* (2003)

Cruz López de Rego (Barcelona, 1957)

*Acumulat-Rag* (2016)

Beth Anderson (Lexington, 1950)

*Belgian Tango* (1984)

Mercedes Zavala (Madrid 1963)

*Play the Piano* (2017)

Teresa Catalán (Pamplona, 1951)

*Elegía No. 4* (2012)

Luisa María Álvarez Armesto  
(Madrid, 1978)

*Twin Sisters, for Band and Piano*

Anna Bofill Levi (Barcelona, 1944)

*From Itineraris I: Onades i roques*  
(1998)

Whitney George (Nova York, 1986)

*De Extinction Series, The Passenger  
Pigeon* (2014)

Anna Rubin (Akron, 1946)

*De For the Love of Bees* (2010-2012)  
*Honey*  
*Swarm*

Beca Fullbright

New York Women Composers  
Shippensburg University of Pennsylvania

conservatorio  
teresa berganza  
tb  
PREMIO NACIONAL  
DE EDUCACIÓN 2013



## Container #Galicia

CONTAINER #GALICIA é unha plataforma de creación musical con actividades en diferentes centros de producción de Europa (Xenebra, Galicia, Extremadura, Valencia e Andalucía) e América Latina (Bos Aires e Uruguai). Centrada na realización de actividades ao redor da música experimental e a video-performance, Container Galicia nace co propósito de achegar á escena musical galega sistemas de producción e intercambio artísticos que xeren contextos propicios para a creación de novas estéticas musicais. O equipo artístico galego está composto por: Sara Méndez Arias, María Domínguez Pérez, Pablo Paz López e Pedro González.

**Sara Méndez.** Saxofonista e codirectora artística. Natural de Sober, onde iniciou os seus estudos musicais. Durante os seus estudos profesionais con Emilio Vázquez, Sara recibiu o Premio Extraordinario Final de Grao, antes de ser aceptada para estudar o Grao Superior no Conservatorio de Música das Illas

Baleares (CSIB). Alí formouse no seo da Aula Internacional de saxofón Mallorca saxophone Studio cos profesores Rodrigo Vila e David Brutti. Sara continuou os seus estudos no Royal College of Music de Londres, onde fixo un Mestrado en Performance co profesor Martin Robertson e unha bolsa da Big Give Awards. Especializada en música contemporánea, actualmente está perfeccionando a súa formación dentro do programa Manama, da man dos enssembles Ictus, Spectra e o KASK Conservatorium (Ghent). Interesada no repertorio experimental, a improvisación e a interacción entre as distintas disciplinas artísticas, desenvolve programas que van desde a performance ata a inclusión da videocreación. Sara foi gañadora do concurso de Música Contemporánea do Royal College of Music do ano 2018. Asistiu á edición de 2018 do Darmstadt Ferienkurse für Neue Musik, na clase de Marcus Weiss. Participou en festivais como Ear to the Ground, SLOW Festival, Parcours musicaux da Ópera de Lille, Festival ME\_MMIX e no Mallorca Saxophone Festival dende a

## 11 xuño – Sala Capitol

**19:30 h. Coloquio**

**Pedro González, compositor**

**Simon Steen-Andersen, compositor**

**Sara Méndez, saxofonista**

**20:30 h. Concerto**

# Container #Galicia

*O xesto como sonoridade*

Juanita Fernández, Sara Méndez, Carlos Siega, Clara Levy, Andrés Navarro, Pablo Paz, Alberto Bustos, María Domínguez, Noé Viamonte, Pedro González, Miguel Morán, Lucas López, Bleuenn Le Friec, Lucía Pérez, Gonzalo Lemos, Adrián Lavía, Kristin Kuldkepp.

Pedro González (Vigo, 1991)

*Flora\** (2019)

Michael Beil (Stuttgart, Alemaña, 1963)

*Caravan, para 4 músicos sen instrumentos con video en vivo e cinta* (2017)

Alexander Schubert (Bremen, Alemaña, 1979)

*Point Ones [para ensemble, director aumentado e electrónica en vivo]* (2012)

Simon Steen-Andersen (1976)

*Black Box Music [black box, sinfonietta e vídeo]* (2012)

Roberto Maqueda, solista

\* Estrea absoluta

súa cuarta edición (2012). Tamén colaborou con orquestras sinfónicas como a RCM New Perspectives, RCM Contemporary Opera Orchestra ou a Orquestra Sinfónica das Illes Balears. A súa actividade concertística levouna a Reino Unido, Bélxica, Francia, Alemaña, España, Portugal e Tailandia. A súa formación foi enriquecida polo consello de músicos como Jean-Marie Londeix, Marie Bernadette Charrier, Marcus Weiss, Lars Mlekusch, Simon Diricq,

Fritz Hauser, David Helbich, Mauricio Sotelo, Xesús Torres, François Rosse, Christian Lauba e Alberto Posadas. Actualmente, Sara forma parte de G.A.M.E Ensemble e Container Galicia, plataformas nas que desenvolve programas comprometidos coa música de nova creación.

**Pablo Paz López.** Percusionista e codirector artístico. Natural de Pontevedra, obtivo o título de percusión no Conservatorio

## 11 xuño – Sala Capitol

**19:30 h. Coloquio**

Pedro González, compositor

Simon Steen-Andersen, compositor

Sara Méndez, saxofonista

**20:30 h. Concierto**

Container #Galicia

Superior de Música de Badajoz co profesor Antonio Moreno e paralelamente formouse cos percusionistas da Orquestra de Extremadura Víctor Segura e Esteban Morales e cursou clases maxiátrias con percusionistas como: J. Geoffroy, P. Carneiro, N. Aroso, M. Bernat, N. Woud, M. Braafhart, C. Peris, R.I Benavent ... Especializado en música contemporánea, funda o grupo INSITU dedicado á música contemporánea en xeral e ao teatro musical en particular co que tocou en festivais como Merza Percussion 2017, Festival de Música Contemporánea de Badajoz, Festival Europeo de Dusseldorf, Teatro de Liexa e impartiu clases maxiátrias nos conservatorios de Pontevedra, Lugo e Badaxoz. Co seu grupo CONTENCO, dedicado á música experimental en relación co flamenco, tocou en Holanda en festivais como o Limburg, Let's Catch Up Festival, o Winternights Festival e foron programados no Teatro AINSI de Maastricht, Teatro de Heerlen, Baexem, ,Intro In Situ, entre outras salas e teatros en Holanda e Bélgica. Desde 2016, colabora con CONTAINER, unha plataforma de creación musical centrada na realización de actividades en torno á música experimental e vídeo-performance, con actividades en diferentes centros de producción en Europa (Xenebra, Galicia, Estremadura, Valencia e Andalucía) e América Latina (Bos Aires e Uruguai). Con CONTAINER estreou obras en España de Simon Steen Andersen, M. Maierhof, Óscar Escudero, Michael Bail, Sam Pluta, Sánchez-Chiong entre outros. Pablo tamén participou durante cinco anos consecutivos no Ciclo de Música Contemporánea de Badajoz, traballando con compositores como C. Camarero, J. M. López e D. Spintz. No ámbito

orquestral, traballa actualmente como músico freelance, colaborando con orquestras tan destacadas como Orchestre Philharmonique Royal de Liexa, Ópera Real de Wallonie, Ópera e Ballet de Flandes, Ópera de La Monnaie, Houlencourt Shymphony Orchestra, orquestras de Extremadura, Filarmónica Cidade de Pontevedra, Banda Municipal de Badajoz, Banda Municipal de Pontevedra, entre outras. Destaca a súa clasificación para as semifinais do Concurso Honda de música clásica de Bélgica. Tras completar o mestrado de percusión solista no Real Conservatorio de Liexa na clase de Gerrit Nulens e Tom de Cock, actualmente está a cursar estudos de posgrao en Bruxelas co Ensemble ICTUS.

**María Domínguez.** Pianista e codirectora artística. Especializada en música contemporánea, desenvolve a súa carreira como solista en diferentes formacións orquestrais, música de cámara e proxectos interdisciplinarios.

O seu interese pola investigación e o traballo interdisciplinar levouna a ser artista residente no Teatro Bordenhal de Maastricht, traballando cun equipo formado por bailaríns, actores, artistas visuais e plásticos. Tamén destanacan o seu traballo en relación coa danza, realizando varios proxectos coa escola P.A.R.T.S (Estudos de investigación e adestramento en artes escénicas) fundada e dirixida pola coreógrafa Anne Teresa De Keersmaeker. No seu papel de creadora e directora artística, María lidera o proxecto musical CONTENCO, formado polo percusionista Pablo Paz e o bailarín flamenco Federico Ordoñez, unindo a música contemporánea e flamenco e explorando

a relación entre tradición e vanguarda. Ten tocado como solista e con diferentes grupos de cámara en festivais como Images Sonores Festival, Parcours Musicaux, Winternights Festival, Limburg Festival, Musica Sacra Festival de Maastricht e colaborou con recoñecidos compositores como M. Beil, V. Baltakas, entre outros. Realizou gravacións de obras de Gubaidulina, H. Holliger, J. Vanpaemel, Rautavaara e tocou en Radio 4 e Música Viva de RNE. No ámbito orquestral, colaborou coa Orquestra Sinfónica BKM, Amikejo Orchestra e a Nova Orquesta Nacional dos Países Baixos (NJO), actuando en salas de Europa tan prestixiosas como Concertgebouw de Amsterdam, Kontzerhaus de Berlín, Teatro de Alto Adige, Teatro Orpheus Apeldoorn, Ópera de Lille, entre outras. Foi galardoada e apoiada por Via Zuid Talenmakelaar, Schiting Cultural Entrepreneurship de Maastricht, Fundación do Conservatorio de Maastricht, Art Buro Limburg, Ministerio de Cultura e Educación de España e Peter de Grote Festival. En 2017, terminou o seu Mestrado no Conservatorio de Maastricht co grao más alto. Ademais, completou o curso de especialización de Música contemporánea a través de técnicas non occidentais no Conservatorio de Amsterdam e actualmente realiza o Curso de posgrao en música contemporánea co Ensemble Ictus e Spectra en Bruxelas.

**Pedro González Fernández.** Violinista e compositor activo en diferentes disciplinas no ámbito da arte contemporánea, como a composición multimedia, a animación interactiva ou a investigación científico-artística transdisciplinaria. No seu traballo

combina performance e video-instalación, danza, teatro e o uso de novas tecnoloxías aplicadas á creación escénica. As súas obras presentáronse en diversos festivais e conferencias internacionais, como International Computer Music Conference, Sound & Music Computing Conference, GRAME- centre national de création musicale, Zither auf Zeche, Next generation-ZKM, Anachronisms, Impuls Festival Akademie, Internationales Musikfest Hamburg/ Elbphilharmonie, Manifeste Ircam e en diversos países como China, Alemaña, Estonia, Austria, Suecia, Francia, Holanda, e abundantes localizacións dentro do territorio nacional español. Completa os seus estudos superiores na Escuela Superior de Música de Catalunya. Posteriormente realiza estudos de master (Mmus) en Contemporary Performance and Composition KMH (Estocolmo), CNSPL (Lyon), HfMT (Hamburgo) e EMTA (Tallin), desenvolvendo as súas ideas sobre a composición transdisciplinar da man de compositores como Ph. Hurel, A. Schubert, B. Brunson, G. Hajdu, H. Tulve ou F. Schwenk. Na actualidade, cursa estudos de doutoramento en investigación artística no HfMT en Hamburgo, traballando no deseño de sistemas de son interactivos para o proxecto SocSMCs, financiado por unha bolsa Horizon 2020 da Unión Europea, na Medical University of Hamburg (Departamento de Neuro e Fisiopatoloxía). E UKE Hamburgo e traballa como compositor e violinista freelance.

## Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia inicia o seu camiño en Santiago de Compostela en 1996. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico, posto nol que o precederon Helmuth Rilling e Antoni Ros Marbà. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Con sede no Auditorio de Galicia e xestionada polo Consorcio de Santiago, mantén unha tempada de abono estable. Ao longo da súa traxectoria acompañárona os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas do mundo. Ten realizado xiras e concertos en escenarios de Alemaña, Austria, Francia, Brasil, Arxentina, Cuba e Portugal, país co que mantén unha estreita colaboración. Comprometida co territorio ao que presta servizo, actúa asiduamente por toda Galicia. A RFG amosa un especial interese pola obra de autores novéis, en particular de compositores galegos. A súa discografía consta de máis de 12 CDs, adicados a Maurice Ravel, Manuel de Falla, Frederic Mompou, Antón García Abril, Franz Schubert ou José Arriola. A Real Filharmonía de Galicia traballa no achegamento a novos públicos, a través de propostas didácticas, familiares e programas especiais; promovendo ademais a realización de concertos en espazos abertos. A orquestra forma un proxecto conxunto coa Escola de Altos Estudos Musicais, coa que colabora para ofrecer unha formación altamente especializada en práctica orquestral a novos intérpretes.

## Paul Daniel, director

É o director titular e artístico da RFG desde 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Ópera Factory. Participa como director invitado nas máis destacadas orquestas e compañías de ópera de todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Convent Garden, Monnaie en Bruxelas, Ópera Estatal de Baviera en Múnich ou Metropolitan Opera de



Nova York. Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Figaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulu* na Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortiléges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; Os troianos coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filarmónica da BBC, a Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, a Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnich, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria). Entre as súas numerosas grabacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3 de Elgar* e o DVD da grabación de *Lulu* na Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos grabou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.



13 xuño – 20:30 h  
Auditorio de Galicia

# Real Filharmonía de Galicia

Paul Daniel, Director

Gerald Barry (Clarecastle, Irlanda, 1952)

*Wiener Blut*\*\* (2000)

John Adams (Worcester, Massachusetts, EUA, 1947)

*Chamber Symphony' for 15 players* (1992)

Eduardo Soutullo (Bilbao, 1968)

*Suite sinfónica núm. 1\**

Fazil Say (Ankara, 1970)

*Symphonic Dances op. 64\*\** (2015)

\* Estrea absoluta

\*\* Estrea en España



## Iago Hermo

Iago Hermo é un compositor, pianista e director especializado na música contemporánea experimental. Como compositor busca constantemente aquelas sonoridades que sirvan para o seu fin artístico e creativo. Como intérprete, desenvolve propostas performativas que amosen este traballo experimental sobre a música. E como director, desenvolve a maior parte da súa actividade traballando os repertorios más actuais, con música dende a segunda metade do século XX ate o día de hoxe. A súa música, arranxos, interpretacións e traballo como director levárono a participar e colaborar en diversas agrupacións como a Sinfonieorchester Aachen (Alemaña), Coro Gulbenkian (Portugal), 4+1 Piano Ensemble (Galicia), e diversos ensambles e agrupacións en España e Países Baixos. O seu traballo e actividade académica valéronlle unha beca da Fundación SGAE para a realización de estudos de posgrao en institucións internacionais,

realizados no Conservatorium Maastricht (Países Baixos). Na actualidade reside na cidade neerlandesa de Maastricht, rematando os seus estudos en Composición Musical e Dirección da Música Contemporánea. Estudos que realiza simultaneamente cos realizados na Universidade de Santiago de Compostela en Servizos Culturais: Xestión dos Bens Culturais, así como o estudo de diversas linguas (inglés, chinés, francés...), debido ao seu interese nas perspectivas culturais.



14 xuño – 20:30 h

Paraninfo da USC

## Iago Hermo

Piano, guzheng e música electrónica

...Sferas

Iago Hermo

...sfera 1: No fondo do mar (2017)

...sfera 2: (A Gran Muralla)\*

John Cage

...sfera 3: In a Landscape

Iago Hermo

...sfera 4: Now (...) is gone\*

...sfera 5: ...29, 30, 31, 1, 2, 3, 4... \*

\*Estreas absolutas



## **Victoria Jericó e Manuel López Jorge**


formaron o Dúo Stellae a finais de 2012 en Londres. A súa primeira aparición pública foi poucos meses despois, precisamente estreando a obra *Clarooscuro* de Manuel no festival de música contemporánea Knot the Usual. Desde entón teñen ofrecido numerosos concertos en España, Inglaterra e Escocia. No ano 2015 foron premiados co 'Byram Jeejeebhoy Prize for violin and piano' pola súa traxectoria. Recibiron clases e consellos de diferentes mestres como Deniz Gelenbe, Richard Ireland, Cibrán Sierra, Xavier Gagnepain, Rita Wagner, Krysia Osostowicz ou András Kemenes. Tamén participaron en clases maxistrais a cargo do Quatuor Mosaiques e o Wihan Quartet. Participaron nas tres últimas edicións do curso Airas Nunes Aula de Cámara en Santiago de Compostela.

Nado en Santiago de Compostela, **Javier López Jorge** é un pianista apaixoadoxo pola música en todas as súas posibles versións (música de cámara, lied ou piano solo), o que o levou a desenvolver a súa actividade concertística por España, Inglaterra, Alemaña, Francia, Polonia, Hungría e Bulgaria. Foi premiado en concursos tanto de solista (Segundo premio no Concurso Internacional de piano Donostia Hiria, primeiro premio no II concurso de piano ASGAIM) como de música de cámara (Primeiro premio no Joan Chissel Robert Schumann International Lied Competition). Despois de estudar un Mestrado en Interpretación Pianística no Royal College of Music (Londres), trasládase a Budapest onde actualmente estuda un doctorado (*DLA Doctor o Liberal Arts*) na Liszt Ferenc Academy of

Music. Fondamente influido e agradecido aos seus profesores András Kemenes, Rita Wagner e Ferenc Rados, Javier desenvolve un activo labor pedagóxico, a súa outra gran paixón, en Budapest e Santiago de Compostela.

Tamén compostelán de 1997, **Luis López Jorge** comeza os seus estudos de violín á idade de 7 anos, estudiando na súa xuventude con Grigori Nedobora, Orestes Reyes, Elena López-Felpeto Paz e Roberto Santamarina. En 2013 finaliza os seus estudos musicais medios coas máximas cualificacións e actúa como solista coa Orquestra do Conservatorio de Santiago de Compostela. No ámbito orquestral, colabora frecuentemente coa Orquestra Sinfónica de Galicia. En 2016 comeza o seu Bachelor of Music na Hochschule für Musik und Tanz Köln con Ariadne Daskalakis.

A pianista **Elisa Martín** e o violonchelista **Millán Abeledo** forman o Dúo Gamma en 2013 coa intención de explorar o rico repertorio para esa formación, establecéndose como dúo estable paralelamente ás súas traxectorias musicais independentes asentadas en Santiago de Compostela. Ao longo da súa traxectoria realizaron recitais en salas de Madrid como Espacio Ronda e Toccata en A, Casa de Granada, Fundación Olivar de Castillejo e tamén en Priuré Le Mesnil-Saint Martin (Francia), Casa Fralaes (Portugal), Cité Universitaire Paris (Francia) ou Fundación Vital (Vitoria). Recibiron os consellos de grandes mestres como S. Stefanovich, L. del Valle, K. Moretti, R. Wagner, N. Kereselidze, C. Sierra, X. Gagnepain, T. Svane o D. Gelenbe. A principios de 2017 publicaron o seu primeiro traballo discográfico, *Faces*, co selo KNS Classical.



**17 xuño – 20:30 h  
Auditorio de Galicia**

**Mª Victoria Jericó Francés, violín  
Javier López Jorge, piano  
Luis López Jorge, violín  
Manuel López Jorge, piano  
Millán Abeledo Malheiro, cello  
Elisa Martín Bragado, piano**

*Narrativas imaxinarias*

Manuel López Jorge (Compostela, 1984)  
*Montañas ao lonxe* (2015)  
Federico Mosquera Martínez (A Coruña, 1986)  
*Metamorfosis* (2017)  
Fernando Bvide del Real (Compostela, 1980)  
*Canto Auriense* (2019)  
Manuel López Jorge (Compostela, 1984)  
*Fulgor cósmico* (2018)  
*Dúas vidas respiran xuntas\** (2019)

\*Estrea absoluta



## Fukio Saxophonquartett

Considerado un dos grupos con máis proxección en Europa. Desde a súa fundación en 2007, Fukio adicase á exploración da música de cámara para cuarteto de saxofóns. Fukio Ensemble actúa en importantes salas de Alemaña, Reino Unido, China e España así como en numerosos festivais como o Huddersfield Contemporary Music Festival en Reino Unido, IMPULS en Austria, Spitzentöne e Romanisches Sommerfestival en Colonia, Mallorca Saxophone Festival, Freunde Junge Musiker en Frankfurt e Düsseldorf, Festival Monteleón e Young Euro Classics en Berlin entre outros. O cuarteto Fukio é borseiro da fundación Werner Richard-Dr. Carl Dörken. Participou en concursos de música de cámara nacionais e internacionais, sendo galardoados no Concurso Permanente de Juventudes Musicales de España, o Concurso Internacional Yamaha en Madrid, o Gianni Bergamo Classic Music Award de Lugano; a medalla de ouro no concurso UGDA de Luxemburgo, os primeiros premio no Felix Mendelssohn-Bartholdy Hochschulwettbewerb, no Coop Music Awards en Milán, no Karlsruher Wettbewerb für die Interpretation Neue Musik e na 20º International Chamber Music Competition de Illzach. En 2016 a WDR, Ars

Produktion e a Förderer der Hochschule für Musik und Tanz Köln outorga a Fukio Ensemble o galardón ao grupo revelación 'Taste the Best', sendo premiado co total respaldo para a gravación do seu segundo CD *Time in Motion*. O encargo de novas pezas e o labor pedagóxico son dous pilares centrais nas actividades do cuarteto levando a cabo obradoiros na UEA (Universidade East Anglia) e o Encontro Galego do Saxofón. Fukio está especializado cun mestrado en música de cámara contemporánea pola Hochschule für Musik und Tanz de Colonia no aula do Prof. David Smeyers e supervisados polo Cuarteto Casals. Realizou un programa de estudos Erasmus de música de cámara no Conservatoire National Supérieur de Musique et de Danse de Paris co Prof. László Hadady.

18 xuño

## Fukio Saxophonquartett

Joaquín Sáez Belmonte  
José Manuel Bañuls Marcos  
Xabier Casal Ares  
Xavier Larsson Paez

16:30 h. Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela. Clase magistral



20:30 h. CGAC. Concerto

Georg Friedrich Haas (Graz, Austria, 1953)  
    *Saxophonquartett* (2014)  
Camilo Andrés Méndez San Juan (Bogotá, Colombia 1981)  
    *(White) Planes in dissolution\** (2014/16)  
Gordon Kampe (Herne, Alemania, 1976)  
    *Diez Sinfonías\*\** (2011)  
Lisa Streich (Norra Råda, Suecia, 1985)  
    *Madonna del Prato\*\** (2012)  
Thierry Tidrow (Ottawa, Canadá, 1986)  
    *So be it\*\** (2015)

\*Estrea absoluta

\*\*Estrea en España



## Banda Municipal de Música de Santiago

Nace en 1848 como centro de formación de instrumentistas, a ela acudiron durante moitos anos os nenos acollidos na Casa Hospicio. Foi agrupación de afeccionados ata 1876 cando o Concello decide facerse cargo dela e comeza a profesionalizarse redactándose un regulamento para o seu funcionamento. Actualmente realiza os seus concertos no Teatro Principal e na Rúa do Vilar, praza da Quintana, Alameda e outros lugares da cidade na temporda de verán. Ten o seu local de ensaios e arquivo no Auditorio de Galicia e dentro do seu traballo cotián segue enriquecendo ás súas interpretacións que van do pasodoble ao repertorio sinfónico, pasando pola música tradicional e numerosas transcricións de obras clásicas de compositores de toda as épocas e obras específicas para banda de compositores actuais, en especial de compositores galegos. Centra a súa actividade na programación da temporda cos ciclos de outono, inverno, primavera e verán, concertos sinfónicos no Teatro Principal e Auditorio de Galicia de outubro a maio, con numerosos directores e solistas invitados ademais de realizar colaboracións co CMUS de Santiago,

Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral de Santiago, Cantorum Compostellana Coniuntio, Treixadura, Cantigas e Agarimos, Brincadeira, Tequexetéldere, entre outros; concertos didácticos para os colexios de Santiago e comarca, interpretando: *Pedro e o Lobo*; *A Burra Ramona*, con narración de Paula Carballeira; *A Boliña de Pan*, con narración Celso Fernández; *Concerto Singular* con Píscore; *Peer Gynt*; *A Frauta Máxica* ou *West Side Story* con Viravolta Títeres, por citar algúns. Participa nos actos organizados polo Concello como a Ofrenda ao Apóstolo Santiago, entrega de medallas da Xunta de Galicia, procesións de Semana Santa, Feira do Libro ou Festas da Ascensión. Na temporda de verán, participa cunha programación especial no mes de xullo, un ciclo de concertos polos distintos barrios da cidade con motivo da celebración das súas festas, e como non os xoves pola tarde, os concertos na Praza das Praterías, onde a Banda deleita coas súas actuacións aos composteláns e a milleiros de visitantes de todas partes do mundo que visitan Santiago de Compostela nesas datas.

20 xuño – 20:00 h

Praza da Quintana

## Banda Municipal de Música de Santiago Banda Municipal de Música de A Coruña

Juan José Ocón e Casiano Mouriño, directores

*Entre dúas bandas*

Antón Alcalde (Rianxo, A Coruña, 1992)

*Bumm op. 18, Pasodoble* (2015)

Francisco J. Martínez Gallego (San Antonio de Requena, Valencia, 1969)

*Los caprichos de Goya, for Symphonic Band* (2008)

Igor Stravinski (1882-1971)

*Le sacre du Printemps, trans. E. Escrivá* (1913)

### Banda Municipal de Música de A Coruña

En 1947 e por iniciativa do concelleiro Antonio López Prado creouse a Banda-Orquestra Municipal de A Coruña cuxo primeiro concerto público foi dirixido por Rodrigo A. de Santiago o 26 de xullo de 1948 no Teatro Rosalía Castro. A Banda nacía como unha colectividade completa en si mesma e a Orquestra se componía dos vinte cinco arcos más outros tantos intérpretes de vento e percusión pertencentes á Banda, que desdobraban as súas funcións cando

a agrupación sinfónica realizaba os seus concertos. A Banda permaneceu no tempo, adquiriu un notable repertorio e afianzouse como unha das colectivididades de maior categoría artística en España dentro do xénero.

Tivo ao fronte catro músicos como directores: o primeiro titular, o compositor, tratadista e folclorista Rodrigo A. de Santiago, creou un corpo de executantes de gran nivel artístico e consolidou, en vinte anos, un amplio repertorio. Foi substituído polo compositor Rogelio Groba con quen a Banda ampliou considerablemente

**20 xuño – 20:00 h  
Praza da Quintana**

**Banda Municipal de Música de Santiago  
Banda Municipal de Música de A Coruña**

o seu repertorio mantendo a mesma liña de categoría artística. En 1991, fixose cargo da dirección Indalecio Fernández Groba que, na liña dos seus antecesores, innovou no repertorio e contratou instrumentistas de alto nivel. No ano 2005, tras a xubilación de Fernández Groba, o Concello contrata ao holandés Marcel van Bree. O repertorio da Banda Municipal de A Coruña vai dende os compositores clásicos ata a música cinematográfica, jazz... Dentro do ámbito sinfónico, ten en repertorio excelentes transcripcións de obras tan significativas como as oito primeiras sinfonías de Beethoven, *Carmina Burana* de C. Orff, *O paxaro de lume* de Stravinski, *Pedro o lobo* de Prokofiev, a *Incompleta* de Schubert, a *Fantástica* de Berlioz, a *do Nuevo Mundo* de Dvorak, *Peer Gynt* e *Danzas Noruegas* de Grieg ademais doutras de Franck, Brahms, Mendelssohn, Rimski-Korsakov, Chaikovski, Moussorgski, Liszt, Smetana, Sibelius, Ravel, Albéniz, etc. Así mesmo da a coñecer o actual repertorio sinfónico escrito para banda, de autores como de Meij, Reed, Groba, H. Karel, Sparke, Waignein, Amando Blanquer... Dende 2017 o seu director titular é Juan José Ocón.

### **Juan José Ocón, director**

Músico e director de orquestra, nace en Donostia en 1968. Ten traballado como director

invitado nas Orquesta de Gran Canaria, Filarmónica de Moravia, Nacional de Letonia, Orquestra Sinfónica de Euskadi, Orquesta de Les Arts, Orquestra Sinfónica de Las Palmas, Sinfónica de Bilbao, Sinfónica de Galicia, Filarmónica de Bratislava, Orquestra da Radio de Bratislava, Banda Municipal de A Coruña, Banda Municipal de Bilbao, Orfeón Donostiarra e moitas outras agrupacións. En setembro de 2000 foi nomeado Director Artístico Titular da EGO (Joven Orquesta de Euskal Herria-Euskal Herriko Gazte Orkestra). Actualmente é director Artístico Titular da Banda Municipal da Coruña. No presente ano gravou unha ópera co sello de Deutsche Grammophon. Posúe a medalla ao mérito cidadán da súa cidade Donostia.

### **Casiano Mouríño Maquieira, director**

Estuda nos Conservatorios de Vigo, Santiago de Compostela e Joaquín Rodrigo de Valencia cos mestres Manuel Galduf Verdeguer, José Verea Montero e Antón García Abril. En 1987 gaña por oposición a praza de Profesor de Saxofón-barítono da Banda de Música de Santiago de Compostela e no 2000 de segundo director da mesma, e de director dende xaneiro de 2007 ata

outubro do 2009. Asiste a cursos de dirección de orquestra, composición, banda e coro con mestres como H. Rilling, Galduf Verdeguer, García Asensio, García Abril, Magnus Lindberg, Jean Pennnigs, Jean Marie Londeix, Andrés Gomis, James Ross, Bernardo Adam Ferrero, José Rafael Pascual-Vilaplana, Henrie Adams, José Susi López, Juan María Esteban, Pier Paolo Scattolin, Injoo Joo, Ana María Navarrete, Johan de Meij, etc... Ten impartido cursos na E. M. de Música Padrón, Negreira, Paradela-Meis, Bandeira e nos Conservatorios de Santiago e Vilagarcía. É autor de *Divertimento para orquestra*, *Vertula, Alfaia, San Lourenzo de Nogueira*, *Inquedanzas* para Banda Sinfónica, *Metamorfosium* (estreada pola EAEM baixo a dirección do mestre Maximino Zumalave), *Saxofonía* e *Anarnese* (banda sonora da curtametraxe de Leticia Prieto). Realizou transcripcións para banda sinfónica como *Cadros dunha Exposición e Unha noite no Monte Pelado* de Moussorgski, *As Travesuras de Till Strauss* e *Metamorfoses Sinfónicas* de Hindemith e ademais de instrumentacións de obras para banda. Dirixiu a RFG no concerto conmemorativo do 170 aniversario da Banda de Santiago de Compostela, no primeira actuación conxunta de ambas, a solistas como Alexander Gold, Laura Alonso, Carmen Subrido, Gabriel Alonso, Miguel Borrallo, Idoris Duarte, Rosa

Cedrón, Marina Penas, Eliseu Mera, Uxía Senlle, Emilio Rúa, Treixadura, Cantigas e Agarimos, Tequexetéldere, Brincadeira, Coral Polifónica Xuntanza de Meis, Coral Polifónica de Barro, Coro Santa María de Paradela, Cantorum Compostellana Coniunctio, Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral de Santiago realizando diversas obras como *O Mesías* de Haendel, *Carmina Burana* de Orff, varias bandas galegas, e a Banda de Música da Vertula coa que acada varios primeiros premios en distintos certames. Ten estreado obras propias e doutros compositores como Juan Lois, Simón Couceiro, Javier Ces, Amador Santos, entre outros. Na actualidade, é Director da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

## Duobitatio

O principal vínculo entre Rosalía e Antonio é a curiosidade. A base da súa musicalidade é a procura constante de novas posibilidades: unha dúbida inexorable que deixa ao seu paso máis interrogantes que respuestas. Duobitatio naceu na Musik Akademie Basel (Suiza), onde realizaron estudos de mestrado con Rainer Schmidt e Claudio Martínez Mehner, respectivamente. Comezaron como dúo baixo a dirección do Prof. Anton Kernjak, ampliando a súa formación con outros expertos en música de cámara como Andonio Mercero, Kennedy Moretti, Sergio Azzolini, Rita Wagner e Ferenc Rados. O seu interese pola Interpretación Historicista levounos a estudar con David Plantier (violin barroco), Edoardo Torbianelli (fortepiano) e Jörg Andreas Bötticher (clavecín) na Schola Cantorum Basiliensis. Asistiron a cursos de especialización en Royaumont (Francia), onde recibiron clases de Amandine Beyer, Chiara Banchini, Malcolm Bilson e Kristian Bezuidenhout. Duobitatio pretende converter o escenario nun laboratorio onde compartir os seus experimentos musicais co público. Tenen actuado en salas en España, Holanda e Suiza, tanto en instrumentos modernos como antigos. A súa filosofía musical foi premiada en concursos de Música de Cámara como o BOG Duo Competition (2017) e o Orpheus Swiss Chamber Music Competition (2018).

**Rosalía Gómez Lasheras** (Santiago de Compostela, 1994) comeza a súa formación pianística aos 5 anos con Alexander Gold e Mª José Cerviño. Posteriormente cursa Bachelor Degree no Conservatorio de Utrecht (Holanda) con Alan Weiss e Máster Performance con Claudio Martínez Mehner na Musik Akademie Basel (Suiza). Paralelamente especialízase en Música Antiga estudiando clavicémbalo con Siebe Henstra e Jörg Andreas Bötticher e fortepiano con Edoardo Torbianelli na Schola Cantorum Basiliensis. Actualmente realiza o Solistik Diplom na Musik Akademie Basel. O seu desenvolvemento viuse enriquecido polo consello de músicos como Kennedy Moretti, Anton Kernjak, Christian Bezuidenhout, Fou

Ts'ong, Rita Wagner, Menahem Pressler, Galina Egyarzarova, Dimitri Bashkirov, Andras Schiff, Elisabeth Leonskaja y Ferenc Rados, entre outros. A súa intensa actividade concertística levouna a diversos escenarios en España, Holanda, Austria, Francia, Portugal, Bélxica, Suiza, Alemaña, Rusia, Exipto e Estados Unidos. Destacan os seus debuts no Concertgebouw Amsterdam (2013), Palau de la Música Catalana (2015) e Cairo Opera House (2016), así como a súa participación no Festival Moscow Meets Friends na capital rusa e o International Keyboard Institute and Festival en Nova York. Tras gañar concursos como o XVI Concurso de Piano Infanta Cristina (Madrid, 2012), o XV Cicle de Primavera (Barcelona, 2012), etc; en 2013 obtivo o 1º Premio no Concurso Young Pianist Foundation de Amsterdam –xunto co Laureates Award e o premio ás mellores interpretacións de Sonata Clásica, Schumann e Música Moderna-. Desde entón actúa con frecuencia nos principais auditórios holandeses. Conta cunha ampla experiencia como solista, tendo traballado con directores da talla de Philippe Herreweghe ou Ahmed el Sali; e orquestras como a Real Filharmonía de Galicia, Orquesta Presovem, deOrkestacademie, Orquesta Gaos, Noord Nederlands Orkest, Nederlands Jonge Orkest, Cairo Symphony Orchestra e Basel Symphony Orchestra. O seu gran interese pola Música de Cámara levouna a festivais como o Festival International de Música de Cámara Joaquín Turina (Sevilla), Storioni Festival (Eindhoven), Delft Chamber Music Festival, e o Shiermonnikoog Chamber Music Festival. Foi eloxiada por críticos e importantes personalidades musicais pola súa sobresaínte madurez artística. En 2015 o periódico El Correo Gallego otorgoulle o título de Galega do Ano pola súa destacada traxectoria.

**Antonio Viñuales Pérez** (Huesca, 1992) foi finalista e gañador de premios en numerosos concursos nacionais e internacionais. Formou parte de diferentes orquestras novas como a JONDE (Joven Orquesta Nacional de España), actuando en ocasións como concertino, ou a EUYO. O seu especial interese polos grupos de música de cámara levaron a Antonio a actuar con grupos de recoñecido prestixio

24 xuño – 20:30 h  
Paraninfo da Universidade



## Duobitatio

Antonio Viñuales, violín  
Rosalía Gómez Lasheras, piano

György Kurtág (Lugoj, Romanía, 1926)

3 Pezas para violín e piano, Op. 14e (1979)

Heinz Holliger (Langenthal, Suiza, 1939)

4 Cancións sen Palabras para violín e piano (1982)

Felix Mendelssohn-Bartholdy (1809-1847)

3 Cancións sen Palabras arr. para violín e piano de Ferdinand David

George Crumb (Charleston, 1929)

4 Nocturnos para violín e piano (1964)

Andreas Franck (1987)

Claquers, para violín, piano e electrónica\*\* (2018)

\*\*Estrea en España

neste campo como a Orquesta Da Camera ou Band-Art. Antonio inicia os estudos musicais na Escuela de Música Miguel Fleta da súa cidade co profesor de violín Suavek Arsyznski. Posteriormente ingresa no grao medio do Conservatorio de Huesca onde estuda co profesor Sergio Franco finalizando os seus estudos no curso 2007-08 obtendo as máis altas cualificacións. Continuou os seus estudos no Conservatorio Superior de Música do País Vasco 'Musikene', onde, baixo a tutela de Catalin Bucataru, rematou os seus estudos en 2014 con Matrícula de Honra en violín e música de cámara. Seguidamente continúa os seus estudos de Mestrado en Basilea co Profesor Rainer Schmidt, finalizándoos coas

máis altas cualificacións en xuño de 2016. Ten realizado cursos de ampliación e clases maxistrais con profesores como: Ferenc Rados, Claudio Martínez Mehner, Sergio Azzolini, Anton Kernjak, Victor Parra, Keiko Wataya, Andoni Mercero, Benedicte Palko e cos membros dos cuartetos Casals e Quiroga. Na actualidad Antonio continúa os seus estudos de Mestrado na Hochschule für Musik en Basilea con Barbara Doll e Claudio Martínez Mehner desde setembro de 2017. Os recentes e non tan recentes intereses de Antonio lévano a centrarse en materias como a música de cámara, o cuarteto de corda, a música antiga ou o canto.

## Aglaya González

Debuta como solista aos 16 anos coa Orquesta Sinfónica de Castilla y León. Realiza numerosos recitais en España, Alemaña, Italia, Francia, Holanda, Suíza, Noruega, Israel e Estados Unidos. Especialízase en música de cámara antiga e contemporánea. É membro cofundador do AMÉI Quartett e do Ensemble Tempus Konnex e colabora asiduamente con grupos de música contemporánea como o Ensemble Modern, Ensemble Recherche, Vertixe Sonora e Klangforum Wien. Toca ademais a vihuela, viola barroca e viola d'amore en Darmstädter Hofkapelle, Capella Academica Frankfurt, Bachorchester Wiesbaden, Freiburger Bachorchester ou Le Concert Lorrain. Inicia os seus estudos de viola no Conservatorio de Ponferrada e con só catorce años é admitida na Cátedra de Viola da Escuela Superior de Música Reina Sofía onde perfecciona co mestre Gérard Caussé. Gradúase nas especialidades de Viola e Pedagogía de Viola no RCSMM para continuar a súa formación realizando o Postgrao de solista 'Viola Performer Diploma' co profesor Atar Arad na Universidade de Indiana. Foi bolsa de o Ensemble Modern para realizar o seu Mestrado en Música Contemporánea, completa o Mestrado 'Viola Solist' con Ch. Desjardins e D. Poppen en HfM Detmold e o Mestrado en interpretación histórica con B. Fork, M. Karkow e . Müllerjans na HfMDK Frankfurt, obtendo as máximas cualificacións. É Doutora en Música (tradución e comunicación multicultural) pola Universidad Alfonso X. Actúa en muerosos festivais e participa como viola principal en numerosas orquestras e foi membro de orquestras como a Gustav Mahler Jugendorchester, IU Baroque Orchestra, IU New Music Ensemble e a Orquesta de Cámara Sony. Colabora habitualmente coa orquesta de RTVE, Frankfurter Opern- und Museumsorchester, Orquesta Sinfónica de Madrid, Orquesta Nacional de España e Ensemble Modern Orchester, entre outras.



orquestras. Como músico de cámara é fundadora dos cuartetos Adlibitum e Cariatide, Detmolder Klavierquartett, Smile trio, Duo A + A e comparte escenario con intérpretes de renome internacional como Garth Knox, Claudio Martínez-Mehner, Peter Orth, Piotr Oczkowsky, Xenia Jankovich, Hagai Shaham, Hillel Zori y Marco Ricci. Foi galardoada con numerosos premios como o Nacional de Música de Câmara Yamaha-Hazen, VI Concurso Internacional de Música Villa de Llanes, Certamen Jóvenes Intérpretes de Ibercaja, Concurso Permanente de Jóvenes Intérpretes de JME, 18 Concurs Josep Mirabent i Magrans, Jacobs School of Music's 2010 Travel Grant Competition, Jacobs School of Music's annual Viola Concerto Competition, Kammermusikpreis2012 der Polytechnischen Gesellschaft Frankfurt e Förderpreis Boris Pergamenschikow. Aglaya foi bolsa de Fundación Albéniz, AIE, Juventudes Musicales de Madrid e a fundación Alexander von Humboldt.



25 xuño – 20:30 h  
Auditorio de Galicia

## Vertixe Sonora

Aglaya González, viola

Presentación: José Luis Losa

Narradora: María Lado

*Las Hurdes (Terre san pain)* (1932)

Dirección: Luis Buñuel

Axudante de dirección: Pierre Unik, Rafael Sánchez Ventura

Producción: Ramón Acín Aquilué

Guión: Luis Buñuel, Pierre Unik, Julio Acín

Son: Charles Goldblatt, Pierre Braunberge

Fotografía: Eli Lotar

Montaxe: Luis Buñuel

Duración: 27 min

Música e adaptación dos textos: Martín Matalon

Tradución ao galego: Auditorio de Galicia

Martín Matalon (Arxentina, 1958)

TRACES II – La cabra (2005)

viola e dispositivo electrónico en tempo real

Coa proxección de Las Hurdes: Tierra sin pan de Luis Buñuel, Vertixe Sonora e a voz de María Lado presentan Traces II (la cabra), terceira das películas do cineasta aragonés sonorizadas polo compositor arxentino Martín Matalon.

## Taller Atlántico Contemporáneo (TAC)

O TAC presentouse en marzo de 2010 na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela coa obra de Mauricio Kagel *Eine Brise*, para 111 ciclistas. Quixo reivindicar dende un principio a cercanía que a música contemporánea pode ter para o público actual así como a posibilidade de facer concertos con novos formatos. No mesmo ano colocou un piano de cola no faro de Fisterra para interpretar íntegramente a obra de Erik Satie *Vexations*. 18 horas de piano ininterrumpidas. No CGAC presentou un ciclo de seis conciertos adicados á música de compositoras e compositores galegos. Co grupo de rock Siniestro Total estrearon a Suite Suicida *Land of Opportunity* do compositor Javier López de Guereña. En 2011 e 2012 organizaron na Cidade da Cultura de Compostela sendos ciclos de 'Os Seráns do TAC' que inclúian música contemporánea, humor e gastronomía e que contou con artistas como Carlos Blanco, Quico Cadaval, Julián Hernández, Diego Masson, Paul Daniel, e os restaurantes Pepe Solla, Eirado da Leña, Abastos 2.0, Culler de Pau e Yayo Daporta. Outras das súas participacións más destacadas son as do Auditorio Nacional de Madrid, as Xornadas de Música Contemporánea en Santiago de Compostela, a 53a Semana de Música Relixiosa de Cuenca e o Festival Internacional de Música y Danza de Granada. No 2019 presentarase no Festival Internacional de Santander e na Quincena Musical Donostiarra. En 2013 recibe dous importantes galardóns: o Premio Galego da Crítica e o Primeiro Premio "Martín Códax" (Premios Galegos da Música), na categoría de Música Clásica e Contemporánea. O TAC é un grupo estable, de formación aberta e ten como director artístico a Diego García Rodríguez.

### **Diego García Rodríguez, director de orquestra**

Diego é o director artístico e musical do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC). Os seus compromisos como director invitado comprenden orquestras, teatros de ópera e festivais nacionais e europeos. No eido operístico destacan o seu debut no Teatro



Real de Madrid con *Hansel e Gretel* de E. Humperdinck, *Rigoletto* e *Macbeth* de G. Verdi da Asociación de amigos da ópera de Vigo, *Carmen* de G. Bizet na Opera Bałtycka (Polonia), a dirección musical da tempada 2015 da compañía donostiarra Opus Lírica cos títulos *O barbeiro de Sevilla* de G. Rossini e *Rigoletto* de G. Verdi, *A Ópera dos Tres Reais* co Centro Dramático Galego e as estreas mundiais de *It makes no Difference...*, ópera de cámara do compositor Simone Spagnolo no festival Tête à Tête dos Riverside Studios de Londres e de *Die Traumende Knaben*, melodrama do compositor Torsten Rasch en Dartmoor (Reino Unido). No 2019 é convidado ao Teatro Real como director musical de *Don Carlo* de G. Verdi. Colabora coa Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias, Orquesta de Extremadura, Orquestra Filarmónica de Málaga, Orquestra Sinfónica Vigo 430, Orchestre des Pays de Savoie (Francia), Akademicka Orkiestra Bydgoszcz (Polonia), Orquestra Nova da OSG (proyecto Sonfuturo), Dartington Festival Orchestra (Reino Unido) e co festival The two Moors (Reino Unido).

Obtivo o seu Mestrado artístico en dirección de orquestra (MA) na Zürcher Hochschule der Künste (Zúrich, Suiza) e ampliou a súa formación xunto ao mestre Diego Masson nas edicións 2009 e 2010 da Dartington Summer School (Reino Unido). Naceu en Escarabote, A Coruña.



27 xuño – 20:30 h  
Teatro Principal

# Taller Atlántico Contemporáneo

Diego García Rodríguez, director

Javier López de Guereña

*Visita turística a The Land of opportunity* (2012)

Javier Arias Bal

*Happinesses* (2006)

David Cuevas

*Homenaxe\*\*\** (2013)

Javier López de Guereña

*Oda al percebe (rocking but not rolling)\** (2019)

*El Universo se expande (la patria se encoge)\** (2019)

\* Estrea absoluta

\*\*\* Estrea da versión para o TAC







# C

# Compostela Cultura

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

CONCELLO DE  
SANTIAGO

CGAC

CENTRO GALEGO  
DE ARTE  
CONTEMPORÁNEA

USC  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



Deputación  
DA CORUÑA



Cofinanciado por el  
programa Europa Creativa  
de la Unión Europea



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

